

Resolución Alcaldía

Expte núm.: 3477/2016

Procedemento: Contratacións

Título: Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais do s camiños Baixada á Estación e do Cairo (Plan Máis Provincia 2024)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Mediante resolución desta Alcaldía núm. 2619/2024 de data 18.09.2024 iniciouse o expediente para a contratación da obra de Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD, financiada con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, cun orzamento que ascende a 84.949,16 euros máis o IVE do 21% por importe de 17.839,32 euros, o que fai un total de 102.788,48 euros, a licitar mediante procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Por resolución deste mesmo órgano núm. 2639/2024, de data 20.09.2024, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), de data 18.09.2024, o expediente de contratación e o gasto por importe de 102.788,48 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1651A/6230001 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente, e acordouse a apertura do prodedemento de adxudicación, polo procedemento aberto simplificado para a contratación da devandita obra.

O día 21.10.2024 tivo lugar o acto de exame da documentación contida no Sobre Único Electrónico das catro empresas licitadoras presentadas ao procedemento aberto simplificado para a contratación da obra de Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD, co resultado que se reflicte na acta da reunión que a continuación se transcribe:

“Constituída a Mesa, a secretaria da Mesa informa de que a licitación se tramitou electronicamente e de que se presentaron catro proposicións a través da Plataforma de Contratos do Sector Público que son as seguintes:

IDENTIDADE	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
ACEUVE, SLU CIF B36754471 Representante legal: Miriam N. Varela Villanueva SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO	14-10-2024 13:09	EN PRAZO
EDELNE, SL CIF B36725802 Representante legal: Miguel A. López Estévez SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO	14-10-2024 13:29	EN PRAZO
LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS, SL CIF B94108362 Representante legal: Óscar Mosquera Ferro	14-10-2024 14:11	EN PRAZO





CONCELLO DE REDONDELA

IDENTIDADE	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO		
MONCOSA OHS, SA CIF A15050958 Representante legal: Saraffín Piñeiro Camiña SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO	08-10-2024 16:09	EN PRAZO

Segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe á licitación, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 2639/2024, de data 20.09.2024, procedese a apertura, en acto público e mediante dispositivo electrónico, do Sobre Único Electrónico de cada un delas, achegando as empresas licitadoras os seguintes documentos:

-Aceuve, SLU con CIF núm. B36754471:

- Declaración responsable da entidade licitadora indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.
- Proposición, segundo modelo do Anexo II do PCAP.
- Documento indicando que a acreditación da solvencia non vai basearse nas capacidades ou medios doutra entidade.
- Documento indicando que non concorre en UTE.
- Documento de autorizacións de consulta do licitador.

- Edelne, SL con CIF núm. B36725802:

- Declaración responsable da entidade licitadora indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.
- Proposición, segundo modelo do Anexo II do PCAP.
- Documento indicando que a acreditación da solvencia non vai basearse nas capacidades ou medios doutra entidade.
- Documento indicando que non concorre en UTE.
- Documento de autorizacións de consulta do licitador.

- Lumea Soluciones Eléctricas, SL con CIF núm. B94108362:

- Declaración responsable da entidade licitadora indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.
- Proposición, segundo modelo do Anexo II do PCAP.
- Documento indicando que a acreditación da solvencia non vai basearse nas capacidades ou medios doutra entidade.
- Documento indicando que non concorre en UTE.
- Documento de autorizacións de consulta do licitador.

- Moncosa OHS, SA con CIF núm. A15050958:

- Declaración responsable da entidade licitadora indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.
- Proposición, segundo modelo do Anexo II do PCAP.
- Documento indicando que a acreditación da solvencia non vai basearse nas capacidades ou medios doutra entidade.
- Documento indicando que non concorre en UTE.
- Documento de autorizacións de consulta do licitador.



De seguido o secretario xeral do Concello comunica que a declaración responsable presentada por todas as entidades licitadoras se axusta ao modelo do Anexo I do PCAP e está debidamente cuberta, polo que deben ser admitidas á licitación.

Á vista do anterior a Mesa de Contratación acorda, por maioría dos membros presentes coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP, admitir á licitación a todas as empresas presentadas.

A continuación procédese ao exame das proposicións presentadas polas empresas licitadoras co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL	PRAZO DE GARANTÍA
ACEUVE, SLU CIF B36754471	83.000,00	17.430,00	100.430,00	6 ANOS
EDELNE, SL CIF B36725802	67.959,33	14.271,46	82.230,79	3 ANOS
LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS, SL CIF B94108362	70.246,58	14.751,78	84.998,36	6 ANOS
MONCOSA OHS, SA CIF A15050958	74.075,66	15.555,89	89.631,55	6 ANOS

A continuación o secretario xeral informa de que no Cadro de Características do PCAP se establecen os criterios para apreciar cando as ofertas poden estar incursas en presunción de temeridade que son os seguintes:

- ◆ **“Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición que se atope nos seguintes supostos:**
- ◆ *Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*
- ◆ *Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*
- ◆ *Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidade porcentuais.*
- ◆ *Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das ofertas restantes é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.”*

Tendo en conta que o número de entidades licitadoras presentadas e admitidas é de catro, e aplicando este criterio, procédese pola Intervención municipal accidental a realizar os correspondentes cálculos do xeito que se describe a continuación:

1º) Tómase en consideración o orzamento base de licitación sen IVE que ascende a 84.949,16 euros, sen IVE.

2º) Súmanse todas as ofertas económicas presentadas e admitidas (4) o que da un total de 295.281,57 euros que se divide entre o número de licitadores presentados que son 4, polo que a media aritmética resultante é de 73.820,39 euros.

3º) Calcúlase o 10% en importe da media aritmética que ascende a 7.382,04 euros.



4º) Súmase a media aritmética obtida no paso 2º e o 10% do importe desta media, obtendo o importe da media aritmética incrementada no 10% (73.820,39 + 7.382,04) que ascende a 81.202,43 euros.

A oferta da empresa licitadora que supera esta media aritmética incrementada é a presentada por Aceuve, SLU (83.000,00 euros), que queda excluída dun novo cálculo da media.

5º) Cálculase a media aritmética sumando as ofertas económicas presentadas, pero excluindo a que superou a media aritmética incrementada, de xeito que unha vez excluída a oferta de 83.000,00 euros, a nova media aritmética das tres empresas restantes sae en 212.281,57 euros / 3 = 70.760,52 euros.

Á vista dos cálculos realizados non hai ningunha oferta incurso en presunción de anormalidade porque ningunha é inferior máis de 10 unidades porcentuais á nova media aritmética da ofertas presentadas e non superan o límite de 63.684,47 euros.

A continuación procedese polo interventor municipal accidental á valoración das ofertas segundo os criterios de adjudicación establecidos no Cadro de Características das bases que rexen esta contratación (prezo e prazo de garantía da obra), respecto dos que se establece que a puntuación máxima posible a acadar é de 17 puntos, que de forma desagregada é a seguinte:

“1. Prezo

Mellor proposición económica ofertada, ata un máximo de 12 puntos

O órgano de contratación puntuará cunha puntuación máxima de 12 puntos a oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico e o resto obterá unha puntuación proporcional segundo a súa oferta, mediante aplicación da fórmula de ponderación:

$$P^E = \frac{12 \cdot O^M}{O^E}$$

Onde :

- ◆ P^E = Puntuación da oferta a valorar
- ◆ O^M = Oferta máis baixa
- ◆ O^E = Oferta a valorar

2. Prazo de garantía da obra

Computarse o prazo de garantía da obra, a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade que ofrezca o licitador de acordo ao seguinte baremo:

- ◆ 2 anos de garantía: 1 punto.
- ◆ 3 anos de garantía: 2 puntos.
- ◆ 4 anos de garantía: 3 puntos.
- ◆ 5 anos de garantía: 4 puntos.
- ◆ 6 anos de garantía: 5 puntos”

Aplicando estes criterios e considerando innecesario ningún informe adicional, dado o seu carácter obxectivo, obtéñense as seguintes puntuacións:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	PUNTUACIÓN	PAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN
ACEUVE, SLU CIF B36754471	83.000,00	9,83	6 ANOS	5,00



LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	PUNTUACIÓN	PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN
EDELNE, SL CIF B36725802	67.959,33	12,00	3 ANOS	2,00
LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS, SL CIF B94108362	70.246,58	11,61	6 ANOS	5,00
MONCOSA OHS, SA CIF A15050958	74.075,66	11,01	6 ANOS	5,00

Finalmente, á vista do anterior a Mesa acorda, por maioría dos membros presentes coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato a favor de Lumea Soluciones Eléctricas, SL, ao establecer, de conformidade coa valoración das ofertas realizada e para os efectos do disposto na cláusula 10.3 do Prego, a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas en función da puntuación acadada por cada un das empresas licitadoras:

- 1º) **Lumea Soluciones Eléctricas, SL** (CIF núm. B94108362) que obtén un total de **16,61 puntos**.
- 2º) **Moncosa OHS, SA** (CIF núm. A15050958) que obtén un total de **16,01 puntos**.
- 3º) **Aceuve, SLU** (CIF núm. B36754471) que obtén un total de **14,83 puntos**.
- 4º) **Edelne, SL** (CIF núm. B36725802) que obtén un total de **14,00 puntos**.

Así mesmo a Mesa procede a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público, no que a empresa proposta como adxudicataria está inscrita, que Lumea Soluciones Eléctricas, SL está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. Así mesmo procédese a obter os certificados acreditativos do cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, co Concello de Redondela e coa Seguridade Social, resultando todos eles positivos.

Finalmente a Mesa acorda, por maioría dos membros presentes coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP Javier Bas Corugeira, que se requira á empresa que obtivo a mellor puntuación, Lumea Soluciones Eléctricas, SL, co CIF núm. B94108362, para que, no prazo de sete días hábiles, presenten a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva e a acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional establecida Cadro de Características do PCAP.

Para rematar procedese a lectura da presente acta e os membros presentes da Mesa coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP amosan a súa conformidade co contido da mesma.

Para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe”.

Conforme ao acordado pola Mesa de Contratación, con data 21.10.2024 efectuouse, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o previsto no art. 150.2 da LCSP, o requirimento a empresa licitadora que presentou a mellor oferta para que presente a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva e a acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, e Lumea Soluciones Eléctricas, SL presentou, na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 28.10.2024, o aval



asinado electronicamente en concepto de fianza definitiva, constando a correspondente carta de pagamento, e documentación acreditativa da solvencia que xunto coa obrante no expediente se remitiu ao secretario xeral do Concello e ao interventor municipal accidental para o seu exame e para que emitan o correspondente informe de fiscalización previo a adxudicación do contrato.

Lido o informe conxunto da Secretaría xeral do Concello e da Intervención municipal accidental núm. 42/2024, de data 30.10.2024, que consta de cinco páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e seis consideracións e conclusións (CV 5MTLYRP5JQQESEJ3R3ZSL9QMD).

Na súa virtude e ao abeiro do establecido na DA 2ª da LCSP e no artigo 61.1 m) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, esta Alcaldía,

RESOLVE

Primeiro.- Declarar a validez da licitación efectuada.

Segundo.- Adxudicar o contrato da obra de Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD, incluída no Plan Máis Provincia 2024, á empresa Lumea Soluciones Eléctricas, SL, con CIF núm. B94108362, domicilio na rúa Virgen de la Luz, 1, baixo, 36860 Pontearreas, e enderezo electrónico para notificacións miguel.gp@lumea.es, representada por Óscar Mosquera Ferro co NIF núm. ***3170**, polo prezo de 70.246,58 euros, máis o IVE do 21% por importe de 14.751,78 euros, o que fai un total de 84.998,36 euros, con suxeición estrita ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexe neste procedemento, de data 18.09.2024 e CV 7RGNX96FKASEKTTXQC6DT326A, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 2639/2024 de data 20.09.2024, e ao proxecto técnico, redactado e asinado electronicamente con data 23.04.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Luis Alberto Tizón Cabaleiro e aprobado por resolución da Alcaldía núm. 2574/2024 do 12.09.2024, e á oferta presentada que inclúe un prazo de garantía de seis (6) anos a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade da obra.

Terceiro.- As obrigas económicas que se deriven do contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1651A/6230001 do orzamento actualmente vixente.

Cuarto.- O prazo para a execución da obra é de dúas (2) semanas, contado a partir da acta de comprobación de replanteo que se realizará no prazo máximo de trinta días naturais dende a formalización do contrato. En todo caso, a empresa adxudicataria verase obrigada á execución das obras nun prazo non superior o establecido como prazo máximo previsto nas bases reguladoras do Plan Máis Provincia 2024 que remata o 31.12.2025.

Quinto.- Designar como director de obra e responsable do contrato, coas facultades sinaladas no artigo 62 da LCSP, o enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello Marcial González Pillado, e como director de execución o arquitecto técnico municipal Juan Manuel Estévez Lamas.

Sexto.- Seguindo as disposicións do art. 151 da LCSP notificarlle esta adxudicación a todas as empresas licitadoras e publicala, no prazo de quince días, no perfil do contratante do Concello de Redondela integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público e accesible tamén dende a sede electrónica do Concello.

Sétimo.- O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de cinco (5)





CONCELLO DE REDONDELA

días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación desta adxudicación. De acordo co establecido no art. 154 da LCSP, a formalización do contrato **publicarase no perfil do contratante** do órgano de contratación nun prazo non superior a quince días dende o seu perfeccionamento.

Oitavo.- Requirir á empresa adxudicataria para que no **prazo de tres días naturais dende a notificación da adxudicación** presente o **modelo da cláusula 15ª do Prego** para a designación da conta bancaria e, **no suposto de que vaia a subcontratar**, aínda que non o indicara na proposición, **deberá comunicalo** nos termos sinalados no artigo 215 da LCSP, **xustificando suficientemente a aptitude do subcontratista para executar a prestación** por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e **acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar** de acordo co artigo 71 da LCSP.

Noveno.- Seralle de aplicación á presente adxudicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e a demais normativa legal de aplicación, quedando sometido o adxudicatario para tratar as cuestións derivadas da adxudicación á xurisdición do domicilio do Concello de Redondela.

Así mesmo será de obrigado cumprimento a normativa reguladora da subvención concedida para a execución deste investimento (bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024), en especial ao que se refire ás obrigas de publicidade (carteis e sinais) que tamén se detallan no Cadro de Características do PCAP.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

